



Sindicato
Profesional
de Xustiza

O MINISTERIO DE XUSTIZA APROVEITA A CRISE DO CORONAVIRUS, USANDO O ESTADO DE ALARMA PARA ARRASAR COS DEREITOS CONSOLIDADOS DOS FUNCIONARIOS DE XUSTIZA.

Dende o **Sindicato Profesional de Xustiza da Unión Sindical Obreira (SPJ-USO)** vemos con absoluta incredulidade como o **Ministro de Xustiza pretende aprobar unilateralmente, pola vía dun Real Decreto Lei, unhas modificacións legislativas que constitúen un ataque frontal ao funcionariado ao servizo da Administración de Xustiza.** Sr. Ministro este que debería respectar os elementais principios constitucionais relativos á **negociación colectiva, e que, con todo, aproveita a ocasión para “cargarse os ” dereitos dos funcionarios xudiciais, quen, de sobra teñen demostraron a súa capacidade e dispoñibilidade para traballar cos “escasos e limitados medios” dos que dispoñemos, cun nivel de exposición ao risco lamentable, con numerosos casos de contaxio, ao ter que desempeñar as nosas funcións con deficientes e tardías medidas de seguridade, tanto para a protección do persoal, como dos xusticiables e cidadanía en xeral.**

Esiximos ao Ministerio e á DXX , a negociación inmediata de todos aqueles aspectos que supoñen a modificación das condicións de traballo dos funcionarios xudiciais, debido a que medidas como declarar hábil o mes de agosto para a realización de actuacións xudiciais, supón a imposibilidade de conciliar a vida familiar e laboral ao atoparse os menores en período vacacional e os seus pais obrigados a traballar, así como a posta en práctica de plans de actuación que permitan a prestación do servizo en termos que permitan a conciliación.

Denunciamos ante a opinión pública a **improvisación do Ministerio de Xustiza que instaura unha mobilidade indiscriminada sen ter en conta a dispersión de órganos xudiciais na maioría das cidades do noso país, agravándose aínda máis, a discriminación t que as medidas aprobadas supoñen para os funcionarios da Xustiza, discriminados respecto a outras instancias da Administración de Xustiza as que si se lles permite traballar no seu domicilio igual que se aprobou polo Consello Xeral do Poder Xudicial para o colectivo de Xuíces e Maxistrados, esiximos que se implante, previa negociación, o teletraballo para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza que de maneira voluntaria o solicite.**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

Esiximos ao Ministerio de Xustiza que, para evitar a propagación do Coronavirus, **que o mais axiña posible se adopten todas as medidas que garantan a saúde do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, elaborando o preceptivo Plan de Avaliación de Risco, con entrega diaria para aqueles funcionarios que acudan aos Xulgados e Tribunais do noso país, dos correspondentes Equipos de Protección Individual, que así mesmo han de ser postos ao dispor de profesionais e a cidadanía que acuda ás sedes xudiciais.**

As medidas, totalmente improvisadas, que foron trasladadas ás organizacións sindicais supoñen un regreso precipitado, sen o proceso de negociación urxente ao que temos dereito como representantes dos traballadores, e conlevan propiciar de forma absolutamente innecesaria o contaxio por unha exposición que pode evitarse coa pertinente avaliación dos riscos e a adopción das medidas de seguridade necesarias. Para iso faise imprescindible programar a detección de posibles focos de contaxio ao Covid-19 en forma de test realizados de maneira programada ao conxunto do persoal afectado, cuxa previsión, a estas alturas, non esta nin se lle espera.

Denunciamos e mostramos a nosa indignación polo feito de que un Goberno dun estado democrático aproveite unha crise sanitaria, para incluír pola porta de atrás nun real decreto de medidas laborais e fiscais para paliar os efectos da crise polo Covid-19, a modificación da xestión das pensións dos funcionarios de clases pasivas. Neste contexto de crise sanitaria denunciamos a pasividade dalgunhas organizacións sindicais, que fan xerar moitas dúbidas sobre se esta modificación foi consultada ou anunciada a algún dos sindicatos que están presentes na mesa xeral da función pública.

Consideramos que o traspaso das pensións dos funcionarios de clases pasivas á Seguridade Social, pode abrir un horizonte moi escuro para os nosos dereitos en materia de xubilación, xa que imposibilita a defensa dos mesmos na mesa xeral de función pública, xa que ao depender a xestión da Seguridade Social, non poderíamos defender os nosos dereitos de forma exclusiva como colectivo de funcionarios públicos.

Así mesmo e á vista da próxima reforma do pacto de Toledo, este traspaso da xestión, facilitaría a posibilidade de que calquera goberno poida suprimir as clases pasivas e incluír ao

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo



Sindicato
Profesional
de Xustiza

colectivo de funcionarios na Seguridade Social, co cal perderiamos algún dos nosos dereitos como é a posibilidade de xubilarnos a partir dos 60 anos.

SPJ-USO SINDICATO MAYORITARIO DA XUSTIZA GALEGA

26/042020

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422

FERROL: Manu 678514555 **LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226

PONTEVEDRA: Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>

SPJ-USO Galicia - C/Lalín nº 4 - Edificio Xulgados - (locales sindicais). 36209 de Vigo